

BASES: VIII TROFEO DE PADEL CONCELLO DE VIGO CELTAMOTOR

Condicións xerais

1. O torneo celebrarase do 01 de xullo o 10 de xullo de 2022.
2. A dispoñibilidade de horario mínima por parte dos participantes para o comezo do partido será de luns a venres de 20:00h a 22:00h e sábados e domingos todo o día.
3. O lugar de celebración do torneo será o “Complexo de pádel municipal Maisqueauga Navia” o cadro principal e “complexo de pádel municipal Maisqueauga Barreiro”. O cadro de consolación. Podendo a organización poner algún partido do cadro principal en Barreiro ou da consolación en Navia para o bo desenvolvemento do campionato.
4. A inscrición terá un custo de 16 euros por participante. A segunda inscrición terá un custo de 12€.
5. O seguro de accidentes terá un custo de 4,00€ será obrigatorio en inscrición en categorías non federadas. En caso de participar en varias categorías non se pagará máis seguros.
6. As primeiras categorías feminina e masculina serán federadas o resto de categorías serán non federadas.
7. Todas as categorías se rexerán polo regulamento da FGP.
8. O torneo consistirá nun cadro eliminatoria e unha consolación para tódolos perdedores no primeiro encontro.
9. O torneo contará con probas masculinas (1ªfederada oro, 2ª, 3ª, 4ª e iniciaciónª), feminina, mixta (1ªfederada oro, 2ª, 3ª, 4ª e iniciación), Podendo estar anotado o mesmo xogador nun máximo de 2 probas.
10. As categorías de iniciación son exclusivas para alumnos da academia de pádel mais que auga e xogadores que teñen asinado nivel pa branca, amarela ou laranxa en máis que auga.
11. Unha vez finalizado o prazo de inscrición, publicaranse na web, www.maisqueauga.com os horarios dos encontros, que podrán ser modificados pola organización do torneo se o estima necesario.
12. Os partidos realizaranse o mellor de 3 set con tie-break todo eles e con punto de oro en todos os xogos. as consolacións xogaranse con Supertiebreak no tercer set.
13. Se jugará con bolas Drop shot
14. Os partidos realizaranse en tres tipos de pista diferentes; muro cuberta, cristal cuberta e muro descuberta. Sendo as pistas de cristal cubertas as principais.
15. Os cadros serán dun máximo de 64 parellas.
16. Club pádel barreiro posúe unha póliza de responsabilidade Civil que non cubre as lesións deportivas fortuítas derivadas da práctica deportiva e os gastos derivados das mesmas.
17. O campionato de pádel Concello de Vigo posúe unha póliza de accidentes deportivos cumprindo a normativa vixente.
18. A organización gárdase o dereito de modificar a normativa para o correcto cumprimento da competición.

Inscrición

1. A forma de pago realizarase por anticipado na web no momento da inscrición.
2. Inscrición de 16,00€ para adultos.

3. 4,00€ de seguro de accidentes para no federados.
4. A inscrición farase mediante un formulario na web: www.padeltourplay.com
5. O período de inscrición será dende o día 07 de xuño ata o 27 de xuño de 2022.

Premios

1. O acto de entrega de premios realizarase a continuación das ultimas finais disputadas.
2. Haberá trofeos e premios para campións e finalistas de tódalas categorías. E trofeos para a consolación.